

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS CURSO 2013/14

## Introdución

Despois dun ano sen actividades extraescolares debido ó lamentable comportamento do noso alumnado durante unha viaxe a Portugal, retomamos a actividade deste curso escolar coa programación de distintas actividades extraordinarias con certa cautela, traballando na mellora do comportamento fóra do centro do noso alumnado e tratando de sensibilizar ás familias co traballo de organización e a responsabilidade que supón para o profesorado o deseño deste tipo de actividades nun contexto de recortes e coa necesidade da implicación familiar no labor da educación dos seus fillos e fillas.

## Obxectivos

- Procurar a educación integral do alumnado nas distintas áreas.
- Completar os contidos aprendidos na aula con experiencias personais científicas, deportivas, lingüísticas, culturais e artísticas propias.
- Mellorar as competencias básicas.
- Educar en valores, previr o consumo de drogas e os malos hábitos sobre todo no relacionado coa saúde.
- Fomentar as relacións interpersoais, a cooperación e o respecto mutuo.

## Actividades complementarias e extraescolares previstas:

### Departamento de Lingua castelá e literatura:

- La casa de Bernarda Alba, obra de teatro representada no auditorio Gustavo Freire de Lugo o 28 de xaneiro de 2014 para o alumnado de 3º e 4º da ESO.

- **Contacontos ou encontro con autor** no salón de actos do IES. A data estaría sen determinar na segunda avaliación para os cursos de 1º e 2º da ESO e coa posibilidade de estender a actividade a outros cursos.

### **Departamento de Lingua e literatura Galegas:**

- Visitas guiadas xunto co departamento de Historia da catedral e cidade de Mondoñedo, o casto Zoñán e Vilamor no primeiro trimestre sen fixar os grupos.
- Certame literario das letras galegas no terceiro trimestre.
- Saídas ao teatro, o cine, etc. segundo as invitacións que reciba o departamento.
- Colaboración con outros departamento para a elaboración da revista.

### **Departamento de Francés:**

- *Panique en cuisine*, teatro en Lugo el 13 de marzo do 2014 co alumnado de francés de 3º e 4º da ESO e 1º de Bacharelato.

### **Departamento de Inglés:**

- *Dr. Jekyll and Mr Hyde*, obra de teatro en inglés que se representará en Santiago de Compostela o 24 de marzo de 2014 para o alumnado de 4º da ESO e 1º de Bacharelato.
- Semana de inmersión lingüística na comunidade de Galicia (pendente de aprobación pola Xunta) cos alumnos de segundo da ESO en novembro ou decembro.

### **Departamento de Tecnoloxía:**

- MUNCYT e Casa das Ciencias en A Coruña para 2º, 3º da ESO (inclue PDC) en data sen precisar. Pódese compaxinar co departamento de Ciencias.
- Sotavento e ENDESA en Xermade para 4º de ESO (e PDC) e 1º da Bacharelato.

### **Departamento de Xeografía e Historia:**

- Excursión a Santiago, Oviedo e/ou León en novembro ou febreiro para 1º e 2º de Bacharelato.
- Excursión a Ferrol en xaneiro e febreiro para 4º da ESO e 1º de Bacharelato.
- Excursión ó Castro de Viladonga e Museo de Lugo na terceira avaliación con 1º da ESO.
- Excursión ó Museo de San Paio de Narla e Mosteiro de Sobrado na 3ª Avaliación con 2º da ESO.

### **Departamento de Latín e grego:**

- *Ahora mismitos*, espectáculo no IES San Rosendo para o segundo trimestre (posibilidade de variar a temporalización) cos grupos de 4º da ESO e 1º e 2º de Bacharelato.

### **Departamento de Economía:**

- Visita a INDITEX en Arteixo cos alumnos de 2º de Bacharelato o 9 de decembro de 10 e media a 12 e media. Esta actividade coordinarase co departamento de Tecnoloxía.

### **Departamento de Ciencias Naturais:**

- Recollida de cogumelos en Mondoñedo, un día pola tarde do mes de outubro con 4º da ESO e 1º de Bacharelato.
- Visita aos museos coruñeses na segunda avaliación con 1º e 3º da ESO. Esta visita poderíase compaxinar co departamento de Tecnoloxía.
- Visita a unha estación depuradora de augas residuais próxima a finais da 2º avaliación co alumnado de Ciencias da Terra e Ambientais de 2º de Bacharelato.

- Visita a Sotavento en Xermade e/ou á central térmica de As Pontes na terceira avaliación para 2º e 4º da ESO. Poderíase compaxinar có departamento de Tecnoloxía.

### **Departamento de Plástica:**

- Obradoiro de grabado e visita a exposición de Nova Caixa Galicia cos alumnos de Plástica de 4º da ESO e de Debuxo Técnico de primeiro de Bacharelato. Tratarase de compaxinar con outros departamentos para aproveitar a viaxe.

### **Departamento de Agraria:**

- Saídas para realizar traballos no módulo de Técnicas de Educación Ambiental en Mondoñedo e arredores ó longo dos tres trimestres para o 1º Ciclo Superior.
- Medicións nas fincas do Proxecto Messifor en Mondoñedo e Abadín para o primeiro, o segundo e o terceiro trimestre cos grupos de 1º e 2º do Ciclo Superior e do Ciclo Medio.
- Saída en busca de cogumelos en Mondoñedo e arredores no primeiro trimestre co Ciclo Medio e con 1º e 2º do Ciclo Superior.
- Visita a Serra do Caurel no primeiro trimestre co Ciclo Medio e 1º e 2º do Ciclo Superior.
- Visita a unha granxa de perdices e ó Museo da Fauna en León para o Ciclo Medio e 1º e 2º do Ciclo Superior.
- Visita a varios centros ictioxénicos e cinexéticos das provincias de Lugo e Coruña no primeiro trimestre co Ciclo Medio e 1º e 2º do Ciclo Superior.
- Visita ó SDCIF (Servizo de defensa contra incendios forestais) en Lugo, Becerreá ou Rozas no primeiro ou segundo trimestre co Ciclo Medio e 1º ou 2º do Ciclo Superior.
- Saída e curso con "Rutas Vivas" no segundo trimestre con 1º e 2º Ciclo Superior e Ciclo Medio.

- Visita a un espazo natural protexido da Península Ibérica no segundo trimestre co Ciclo Medio e 1º e 2º do Ciclo Superior.
- Visita ó Parque Natural Serra da Enciña da Lastra en Ourense no segundo trimestre co Ciclo Medio e 1º e 2º do Ciclo Superior.
- Visita a algún viveiro da comunidade autónoma no 2º e/ou 3º trimestre cos alumnos de Ciclo Medio e 1º e 2º do Ciclo Superior.
- Visita a un xardín botánico da comunidade no terceiro trimestre co Ciclo Medio e 1º e 2º do Ciclo Superior.
- Demostración no monte da maquinaria forestal en data sen determina co Ciclo medio e 1º e 2º do Ciclo Superior.
- Demostración do funcionamento da motobomba de incendios en Mondoñedo en data sen fixar aínda co Ciclo Medio e 1º e 2º do Ciclo Superior.

### **Departamento de Orientación:**

- Obradoiros do Concello (Asuntos Sociais) no instituto para finais de outubro ou primeiros de novembro para 1º da ESO (Igualdade), 2º da ESO (HH. Sociais) e 4º ESO (Violencia de Xénero e SIDA).
- Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e no seu contorno. A data está por determinar. Os temas a tratar serían novas tecnoloxías, drogas e alcol e acoso escolar e os cursos, 1º, 2º, 3º e 4º da ESO.

### **Biblioteca escolar:**

- Ruta literario-natural (lugar por determinar) na semana do 22 ó 25 de abril (un día) cos alumnos do club de lectura de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO e 1º de Bacharelato.
- Despedida do club de lectura na Biblioteca do IES para os alumnos do club de lectura dos distintos niveis para finais de maio ou mediados de xuño.

## **Normalización lingüística:**

- Publicación da revista O son da Paula.
- Asistencia ó Correlingua en maio con 1º e 2º da ESO.